

O trazo sobre a pedra podería representar unha figura feminina cun cativo en brazos



Un Seoane da Idade de Bronce

O petroglifo do Filladuiro, en Carnota, é unha 'maternidade' única en Europa

O catedrático Fernando Alonso Romero publica na editorial Toxosoutos unha monografía sobre este singular e case descoñecido gravado en pedra. O debuxo, relacionado cos cultos de fecundidade tan frecuentes na contorna, está datado polos expertos arredor do ano 2.000 a.C.

ARQUEOLOXÍA

Iago Martínez. A CORUÑA
iago.martinez@xornaldegalicia.com

Catro mil anos separan a *deusa nai* gravada nunha laxe no Filladuiro, no concello coruñés de Carnota, da *Mater Gallaeciae* que Luís Seoane pintou contra 1961 e que hoxe se pode ver no Museo de Belas Artes da Coruña. Porén, o parecido é asombroso. A comparación é só unha licenza do escritor Francisco Fernández Naval, pero serve para ilustrar a singularidade deste petroglifo que os expertos datan na Idade de Bronce. De non estar desencamiñada a interpretación que ofrece o catedrático Fernando Alonso Romero nunha monografía que vén de editar Toxosoutos, sería unha *maternidade* única en Europa: non hai outro gravado que reproduza unha figura feminina cun cativo no colo.

O Outeiro de Filladuiro, a un quilómetro do Castro de Mallou, ten unhas das maiores concentracións de petroglifos de Galicia. Con máis de cen laxes traballadas, pódese comparar sen reservas co famoso xacemento de Campo Lameiro, sobre todo porque presenta motivos, como a suposta *deusa nai* que contornean os autores do libro, que non aparecen no de Pontevedra. Datado no ano 2.000 a.C. grazas a un gravado que reproduce unha espada, apenas conta con bibliografía específica.

O traballo de Fernando Alonso Romero é unha ambiciosa e pioneira achega a un petroglifo co que com-

O LIBRO SENTA AS BASES PARA O DEBATE CIENTÍFICO

O estudo que Fernando Alonso Romero presenta mañá, ás oito da tarde, na librería Couceiro de Santiago, con limiar de Francisco Fernández Naval e fotografías de Maribel Longueira, é unha primeira e ambiciosa achega ao singular petroglifo de Carnota. Publicada por Toxosoutos como *O petroglifo do Filladuiro. Enigma na pel de pedra*, refuga sentar cátedra nun asunto tan espiñento e opta, máis ben ao contrario, por avanzar hipóteses para un posterior debate científico. A falta de testemuños escritos sobre a caste de ritos de fecundidade cos que estaría relacionada esta *maternidade* dificulta a súa interpretación

pre ser prudente. Á parte da súa singularidade, que dificulta en por si a interpretación científica, a súa descuberta é aínda moi recente. Hai só dous anos que José Cernadas Sande, un canteiro da zona, inventariou o xacemento nun traballo, fundamental pero apenas descritivo, publicado pola editorial tresCtres.

Segundo Alonso Romero, existen testemuños deste tipo de ritos de fertilidade en moitos puntos da xeografía europea, entre eles a Bretaña francesa, Irlanda, Alemaña, Suíza e, por suposto, probablemente grazas



definitiva, sobre todo cando o interese científico polo achado vén de comezar. Non foi até o ano pasado que se publicou

Gravados rupestres nos montes de Carnota (tresCtres, 2007), un libro no que José Cernadas Sande, un canteiro local, describía con detalle o xacemento de Outeiro de Filladuiro, situado a un quilómetro do Castro de Mallou, coas súas máis de cen laxes. Aínda que o traballo era só descritivo, a súa aparición foi fundamental. Como sinalan Alonso Romero e Fernández Naval, non só puxo sobre a pista aos expertos, senón que achegou unha valiosísima información sobre as características particulares da pedra e as técnicas que os autores do petroglifo deberon de empregar para representar a esta misteriosa *deusa nai*.

Fernández Naval, colaborador do catedrático e autor do limiar, foi o escritor e filólogo Gonzalo Navaza, experto e apaixonado da toponimia, quen aconsellou a hipótese de que Filladuiro poida proceder do verbo "fillar" como "miradoiro" vén de "mirar" ou "faladoiro" de "falar".

Na beira esquerda do gravado, sobre a mesma pedra, pódese apreciar o que os iniciados chaman un podomorfo. Trátase dun debuxo con forma de pé calzado que podería indicar o acceso *correcto*, segundo a liturxia, a un lugar sacro. O fenó-

meno é frecuente nos petroglifos europeos: calzados con sandalias ou non, ás veces un só pé e outras varios, a tamaño natural ou de proporcións maiores, o debuxo indica adoito o lugar de paso a outra dimensión ou pretende ser a pegada dun ser superior, como nos podomorfos de Tras-os-Montes (Portugal).

Con todo, e malia ao apoio da etnografía, máis importante se cadra nun lugar como Carnota, tanto tempo illado, non é doado arriscar unha interpretación concluínte. Este *silencio documental* é unha eiva que afecta a todo o corpo de petroglifos galego, do que nin sequera deron noticia os autores gregos e romanos que escribiron sobre Gallaecia.

MOI BEN CONSERVADO

A suposta *deusa nai* de Carnota, o mesmo que o resto dos gravados do Outeiro de Filladuiro, está moi ben conservada. Agás a parte baixa da pedra, onde catro mil anos de chuva esluíron o trazo orixinal, o resto pódese ver con claridade á luz rasante do sol. Entre outras razóns, débese ao difícil acceso do xacemento, que non foi descuberto e inventariado até hai dous anos máis ou menos.

Xunto co calendario lunar representado no ano 1.500 a.C. na Laxe de Rodas, investigado por Alonso Romero nos anos 80 a canda o profesor Luís Monteagudo, este do que agora se ocupa a monografía de Toxosoutos pode ser un dos petroglifos máis importantes de Galicia e, por extensión, de toda Europa. ■